

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL CANGAS

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión de data do 5 de febreiro de 2016 o “Regulamento do Consello Municipal de Igualdade” e sometido ao trámite de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP nº 35, de data do 22 de febreiro de 2016, non formulándose reclamacións ó mesmo, elévase a definitivo o acordo de aprobación inicial e publícase o texto íntegro do Regulamento para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do establecido no artigo 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

#### **“REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE DO CONCELLO DE CANGAS**

#### *MARCO NORMATIVO*

A Constitución española, no título preliminar, promulga o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2) aludindo á obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, refírese aos municipios como canles inmediatas de participación cidadá nos asuntos públicos. A referida norma no seu artigo 25. 1 dispón que “O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.” Este mesmo referente normativo nos seus artigos 69 a 72 establece os mecanismos a través dos cales facer efectivo o dereito de participación de toda a cidadanía na vida local. Deste xeito o artigo 70 bis (engadido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) establece que os Concellos deberán establecer e regular en normas de carácter orgánico, procedementos e órganos axeitados, para a efectiva participación dos veciños e veciñas nos asuntos da vida pública local. Disposicións coincidentes coas recollidas na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, aínda que o Artigo 71 desta



norma precisa: “1. Así mesmo, por acordo do Pleno e en municipios con máis de 20.000 habitantes, poderán crearse órganos de participación sectorial en relación cos ámbitos de actuación pública municipal que pola súa natureza permitan, coa finalidade de integrar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais. 2. Presidirán os órganos de participación sectorial os Concelleiros/as en quen delegue o Alcalde/Alcaldesa. E o artigo 72 establece que “Corresponderán aos órganos de participación sectorial, en relación co territorio ou o sector material correspondente, as seguintes funcións:

1. Propor ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións. 2. Emitir informes, a iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia. 3. Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais. 4. Exercer as demais de natureza semellante que determine o acordo de creación.”

Así, o Consello Municipal de Igualdade, constitúese como un organismo de representación, participación e comunicación de carácter consultivo entre o movemento asociativo e a administración local para a toma de decisións sobre as políticas públicas destinadas á consecución do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida política, económica e social do municipio e con implantación en todo o termo municipal de Cangas.

### *ARTIGO I. CONSTITUCIÓN*

O Consello Municipal de Igualdade constitúese como órgano de consulta e participación cidadán na planificación e intervención dos asuntos que con arreglo ó presente Regulamento constitúen os obxectivos do mesmo, en base ao principio de igualdade do Concello de Cangas, coas finalidades e competencias que de seguido se desenvolven.

### *ARTIGO II. OBXECTIVOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE*

Serán obxectivos do Consello Municipal de Igualdade os seguintes:

- Canalizar a participación da cidadanía a través das entidades, organizacións e institucións máis representativas nos sectores de actuación da Concellería con competencias en materia de igualdade.
- Promover e dar prioridade ás iniciativas da Concellería e doutras institucións, derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos aos principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Potenciar a coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Cangas.
- Estudiar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a promoción da igualdade.



- Propoñer actuacións e acordos ás diversas Concellerías, á Corporación, ós Consellos municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da igualdade.
- Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da igualdade se produzan no municipio para darlles resposta.
- Informar, debater e difundir temas sobre dereitos das mulleres.
- Apoiar e fomentar o asociacionismo das mulleres ou daquelas asociacións que teñan entre os seus obxectivos o principio de igualdade para acadar maior participación e solidariedade.
- Velar pola aplicación do principio de igualdade nas actuacións municipais.
- Participar na elaboración dun Plan municipal de igualdade de oportunidades para as mulleres e homes do Concello de Cangas e, unha vez aprobado polo Pleno, participar no seguimento.
- Propoñer actuacións para a igualdade de oportunidades das mulleres no municipio.
- Denunciar as condutas de discriminación sexista.
- Calquera outra función relacionada coa igualdade de oportunidades que puidese encomendárselle.

### ARTIGO III. COMPOSICIÓN

O Consello Municipal de Igualdade estará integrado por:

- Presidenta/e: O/A Alcalde/sa ou Concelleira/o en quen delegue.
- Vicepresidente/a: A persoa titular da Concellería competente en materia de igualdade
- Unha/un representante de cada partido político con representación no Pleno Municipal.
- Unha/un representante de cada unha das Asociacións de Mulleres do Concello de Cangas, así como outras asociacións e colectivos que traballen con enfoque de xénero ou na área de igualdade, que deberán estar debidamente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. Así mesmo, tamén estarían incluídas aquelas Asociacións que teñan un carácter supramunicipal e que desenvolvan a súa actividade en Cangas.
- Unha/un representante de cada unha das Secretarías da Muller dos Sindicatos (se existisen) con representación no municipio.
- Unha/un representante da federación de ANPAS (se existisen)
- Unha/un representante da federación veciñal (se existisen)
- Dúas/dous técnicas/os designadas/os pola Concellería con competencias en materia de Igualdade.



**ARTIGO IV. DAS COMISIÓNS DE TRABALLO**

No seo do Consello poderán constituírse as seguintes Comisións de traballo:

- Violencia de xénero e imaxe social.
- Conciliación e reparto das responsabilidades.
- Cultura e Educación.
- Saúde e sexualidade.
- Formación e emprego.

Estas comisións poderanse ampliar ou diminuír segundo o considere oportuno o Consello.

**ARTIGO V. DAS ACTAS DAS SESIÓNS**

As actas do Consello Municipal de Igualdade terán carácter de documento público polo que a Secretaría Xeral do Concello designará un/unha traballador/a para levantar acta de cada sesión.

**ARTIGO VI. DA CONVOCATORIA DAS SESIÓNS DO CONSELLO**

A convocatoria das sesións ordinarias deberá realizarse, pola Presidencia do Consello, cunha antelación mínima de sete días hábiles de antelación ao día da súa celebración. A Concellería con competencias na área de Igualdade, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello, porá a disposición das persoas que compoñen o Consello a documentación necesaria para o axeitado desenvolvemento das súas tarefas.

O Consello Municipal de Igualdade celebrará sesión ordinaria cando menos unha vez cada tres meses.

**ARTIGO VII. DAS CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS**

Poderán convocarse sesións extraordinarias cando así o decida a Presidencia do Consello ou o soliciten as 3/5 partes do número total das persoas membros.

As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo dos tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal, cando así o soliciten as 3/5 partes do Consello. A sesión extraordinaria do Consello deberá celebrarse nun prazo de vinte días a contar dende o momento da convocatoria, salvo caso de forza maior.



A presidencia poderá convocar tamén sesións extraordinarias, de carácter urxente, cando a urxencia dos asuntos a tratar non permita a convocatoria coa antelación mínima establecida neste Regulamento.

#### *ARTIGO VIII. DOS ACORDOS*

As decisións serán tomadas pola maioría simple dos/das representantes presentes na sesión do Consello, agás aquelas que por regulamentación se esixa algunha maioría cualificada.

#### *ARTIGO IX. MESA DO CONSELLO*

O Consello Municipal de Igualdade conta cos seguintes cargos unipersoais, que formarán a Mesa do Consello:

- Presidencia.
- Vicepresidencia.
- Secretaría.
- Vogais das Comisións de Traballo

#### *ARTIGO X. DA PRESIDENCIA*

Ostentará a Presidencia o/a Alcalde/sa ou Concelleira/o en quen delegue.

Serán funcións da Presidencia:

- Representar ó Consello
- Convocar e presidir as reunións
- Preparar a orde do día
- Ordenar os debates e someter a votación os acordos
- Executar os acordos do Consello
- Velar pola correcta aplicación das normas contidas neste Regulamento.

#### *ARTIGO XI. DA VICEPRESIDENCIA*

A Vicepresidencia será para a persoa titular da Concellería competente en materia de igualdade. No caso de que a delegación da Presidencia sexa a favor da persoa titular da Concellería competente en materia de igualdade, poderase delegar, no caso de que se considere necesario, a Vicepresidencia noutra persoa membro da Corporación.



Serán as súas funcións:

Asistir á Presidencia do C.M.I. nos asuntos que esta requira.

Substituír á Presidencia, por delegación desta, nos casos de ausencia ou enfermidade.

#### *ARTIGO XII. DA SECRETARÍA*

Exercerá a Secretaría o/a Secretario/a Xeral do Concello, quen poderá delegar en persoal municipal. O/a Secretario/a actuará con voz, pero sen voto.

Corresponde á Secretaría as seguintes funcións:

- Levantamento de actas de cada sesión.
- Asistir ás reunións con voz, pero sen voto
- Asistir á Presidencia na fixación da orde do día das sesións.

A Secretaría contará co apoio do persoal municipal dependente da Concellería con competencias en igualdade, que se considere en cada caso necesario para o cumprimento dos obxectivos e funcións do Consello.

#### *ARTIGO XIII. DAS COMISIÓNS DE TRABALLO*

O Consello Local de Igualdade decidirá a constitución de Comisións de Traballo con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses, necesidades e posibilidades do Consello.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación en materia da súa competencia.

Poderán participar nas Comisións de traballo aquelas persoas que sexan requiridas polo Consello, ou que o soliciten formalmente diante deste organismo, para presentar informes técnicos ou formular cuestións que lles afecten directamente a elas ou ó colectivo que representan.

#### *ARTIGO XIV ELECCIÓN DAS CONSELLEIRAS/OS*

As persoas integrantes do Consello local de Igualdade serán renovadas, aínda que podan ser nomeadas as mesmas persoas, cando se renove a Corporación, e no prazo máximo de tres meses despois de constituída.

A persoa que exerza a Presidencia dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder á renovación cando proceda.

A Presidencia corresponderalle o/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue.



A Vicepresidencia corresponderalle ao Concelleiro/a con competencias en materia de Igualdade ou noutro Concelleiro/a, no caso de que o primeiro/a sexa designado/a na Presidencia.

As persoas representantes de cada partido político municipal con representación no Pleno, serán designadas polos grupos ós que pertencen.

Un/unha representante de cada Asociación de Mulleres e dos colectivos que traballen aspectos relacionados coa igualdade elixida por cada Asociación

As/os representantes das Secretarías da Muller dos sindicatos serán designadas por cada un deles.

As persoas técnicas serán designadas pola Concellería con competencias na área de Igualdade.

Por cada Conselleira/o poderá designarse unha/un suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas da persoa titular por ausencia xustificada deste/a.

#### **ARTIGO XV.—EXTINCIÓN DOS NOMEAMENTOS**

O nomeamento poderá extinguirse por:

- 1.—Revogación por parte da entidade á que representa
- 2.—Renuncia expresa da persoa interesada
- 3.—Disolución da entidade asociativa. As persoas representantes cesarán automaticamente como membros do Consello.
- 4.—Ausencias inxustificadas a tres ou máis sesións ordinarias consecutivas.

Nos casos de revogación, renuncia ou disolución, deberase comunicar a mesma á Presidencia, mediante escrito presentado no Rexistro do Concello.

#### **ARTIGO XVI.—ASISTENCIA DE ASESORAS/ES**

O CMI para tratar temas específicos e puntuais poderá solicitar a asistencia de persoas de recoñecida valía ou coñecementos nunha materia, ou de entidades afectadas por un problema, que terán voz, pero non voto.



*DISPOSICIÓN FINAL*

O presente Regulamento unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días hábiles a partir da súa publicación.

Cangas, 5 de abril de 2016.—Alcalde-presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

